



Memoria 2025

alumniusc.gal

Índice

	Presentación	3
	A Asociación	4
	Asemblea	5
	Entidades socias protectoras	6
	Presenza dixital da Asociación	10
1.	— Memoria económica	11
2.	— Alumni USC	15
3.	— Universidade de Santiago de Compostela	24
4.	— Alumni España	30
5.	— Relacións institucionais	36
6.	— Xornadas, conferencias e presentacións	49
7.	— Club de Sendeirismo	59

Presentación



A memoria de 2025 de Alumni USC recolle un ano de intensa actividade institucional, cultural e formativa, no que se mantiveron os programas habituais e se consolidaron novas liñas de traballo.

Destacan as colaboracións con entidades universitarias e internacionais, así como o impulso de proxectos orientados a reforzar os vínculos entre universidade, empresa e sociedade. Ao longo do ano desenvolvéronse numerosas conferencias, encontros e actividades divulgativas sobre temas de actualidade e interese social, contribuíndo á difusión do coñecemento e ao enriquecemento do debate público.

Mantivéronse e reforzáronse tamén iniciativas culturais, formativas e de convivencia, que seguen a ser un sinal de identidade da asociación. O Club de Sendeirismo continuou a súa actividade cunha ampla participación, promovendo o coñecemento do territorio, a vida saudable e o espírito de comunidade. Así mesmo, as visitas institucionais e os encontros profesionais permitiron seguir ampliando a rede de colaboracións de Alumni USC.

No ámbito institucional, 2025 foi un ano de consolidación da presenza da asociación en distintos espazos de representación, tanto no ámbito universitario como no tecido asociativo estatal e internacional, reforzando o papel de Alumni USC dentro da Federación Alumni España e noutras redes de cooperación.

Quero expresar o meu agradecemento sincero a todas as persoas que fan posible este proxecto: á Xunta Directiva, ao equipo técnico, ás entidades colaboradoras e a todas as socias e socios, polo seu apoio e participación constante.

Eva López Barrio

A Asociación

A Xunta Directiva

Presidenta

Eva López Barrio

Vicepresidenta

Luisa Rivas García

Tesoureira

Carmen Casado Casado

Secretario

Víctor A. García Dopico

Vogais

Teresa Bouzada Gil

Juan C. Cobas Gómez

María Curros Ferro

Loreto Fernández Fernández

Ariana Fernández Palomo

Modesto Gómez Rodríguez

Igor Mella Núñez

José A. Pardiñas García

Ao rematar o ano 2025, Alumni USC contaba con 695 persoas asociadas, entre as que hai 23 entidades socias protectoras e 11 socias de honra.

Asemblea

Alumni USC celebrou o 9 de xullo no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais as asembleas xeral ordinaria e xeral extraordinaria preceptivas

A sesión iniciouse ás 18:30, en segunda convocatoria, coa celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, na que se aprobaron a acta de 2024, o informe da presidenta —no que se repasaron as actividades desenvolvidas ese ano—, a memoria económica de 2024 e o orzamento de 2025.

A Asemblea Xeral Extraordinaria aprobou a dimisión do tesoureiro, Enrique López, a quen se lle brindou un merecido aplauso e se lle agradeceron os seus anos ao cargo das contas. Seguidamente, votouse afirmativamente o nomeamento dos novos cargos motivados por esta dimisión: a tesouraría pasa a mans de Carmen Casado, antiga secretaria da Xunta Directiva; mentres que o cargo de secretario pasa a mans de Víctor A. García. Aprobáronse tamén o nomeamento como socia de honra a Cecilia Sierra, presidenta do Consello Social da USC, e o cambio de denominación da entidade: a partir de agora, o nome oficial será Asociación do Antigo Alumnado e Amizade da Universidade de Santiago de Compostela (Alumni USC).

No informe da presidenta anunciouse a xubilación da xestora técnica, Inés Toca, prevista para o 27 de setembro, tras máis de 22 anos de servizo en Alumni USC. A Asemblea quixo expresar o seu sincero agradecemento pola súa dedicación e traxectoria. A partir do 1 de setembro a xestión técnica foi asumida por Isabel Pintos Barral.

Entidades socias protectoras

Os socios e socias protectoras son, segundo se recolle nos Estatutos, «aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que colaboren economicamente co sostemento da Asociación, patrocinándoa, cooperando nalgunha actividade ou evento, achegando algunha axuda ou apoiándoa doutro xeito».

Nesta sección aparecen numerados os diferentes socios protectores cos que conta Alumni USC, indicando o ano no cal se iniciou a súa colaboración e as cidades galegas onde están situados.

Santiago de Compostela e outras localidades coruñesas

Desde 2014

Lembranza

Cafetería Lembranza

Rúa Montero Ríos, 39 | 15701 Santiago de Compostela
Tel.: 981 593 636



Librería Follas Novas

Rúa Montero Ríos, 37 | 15706 Santiago de Compostela
follasnovas@follasnovas.es
Tel.: 981 594 406
www.libreriafonsecadecompostela.es



Hotel Monumento San Francisco

Rúa Campiño de San Francisco, 3 | 15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 581 634
www.sanfranciscohm.com

Desde 2015



Carrocera Castrosua

Estrada da Coruña km 59, 5 | 15890 Santiago de Compostela
Tel.: 981 552 460
www.castrosua.com



Lápicés 4

Avda. da Coruña, 4 baixo | 15701 Santiago de Compostela
Tel.: 981 580 429
www.lapices4.com



Vía Láctea Comunicación

Praza Nosa Señora da Mercé de Conxo, 6-1º C | 15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 554 407
www.vialactea.es

Desde 2016



Limpiezas Salgado

Rúa Fernando III O Santo, 41 | 15701 Santiago de Compostela
Tel.: 981 599 089
www.salgadolimpiezas.es

Desde 2017



UNA Grupo Business Global

Avda. Barcelona, 33-local 1 A | 15706 Santiago de Compostela
Tel.: 902 150 152
www.unagrupo.com

Desde 2018



Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

Rúa da República Checa, 40 | 15707 Santiago de Compostela
camara@camaracompostela.com
Tel.: 981 596 800
www.camaracompostela.com

Desde 2019



Gráficas Garabal S.L.

Codesedas, 5 | 15897 Figueiras (Santiago de Compostela)
graficasgarabal@graficasgarabal.es
www.graficasgarabal.es



Genesal Energy

Parroquia de Cortiñán, D-13-14 | 15165 Bergondo (A Coruña)
Tel.: 981 674 156
comunicacion@genesal.com
www.genesalenergy.com



Grupo Intaf

Estrada de Cedeira, km 1,5 | 15570 Narón (A Coruña)
Tel: 981 397 142
intaf@intaf.com
www.intaf.com

Desde 2021



Papelería Xaquín

Rúa Nova de Abaixo, 14 | 15701 Santiago de Compostela
Tel.: 981 599 451
px@papeleriaxaquin.com
www.papeleriaxaquin.com

Lugo e outras localidades lucenses

Desde 2015



Restaurante Fonte do Rei

Avda. de Madrid, 5 e 63 | 27002 Lugo
Tel: 982 245 608 | 982 223 711
www.fontedorei.es



Prelo

Ronda da Muralla, 34 baixo | 27002 Lugo
Tel.: 982 280 359
www.prelo.es



El Progreso

Rúa Ribadeo, 5 | 27002 Lugo
Tel.: 982 298 146
www.elprogreso.es

Desde 2016



Aresa

Avda. de Madrid, 187 | 27002 Lugo
Tel.: 982 222 400
Avda. de Breogán, s/n | 27370 Rábade, Lugo
Tel.: 982 390 371
www.aresa-agricola.com

Desde 2017



AMSlab

Avda. Benigno Rivera, 56 | 27003 Lugo
Tel.: 982 808 074
www.ams-lab.com

Desde 2021



Librería Bahía

Avda. da Mariña, 42 baixo | 27780 Foz (Lugo)
Tel.: 982 140 434
Email: info@libreriabahia.com

Pontevedra e outras localidades pontevedresas

Desde 2016



Conejos Gallegos Cogal

Alceme | 36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tel.: 986 790 100
www.cogal.net



Bodegas Terras Gauda

Estrada Tui-A Guarda, km 55 | 36760 O Rosal (Pontevedra)
Tel.: 986 621 111
www.terrasgauda.com



Guimeráns Trofeos

Rúa Cobián Roffignac, 19 baixo | 36007 Pontevedra
Tel.: 986 167 176

Desde 2023



Fundación Roberto

Pazo de Sestelo, 9 | 36547 Siador - Silleda (Pontevedra)
Tel.: 624 218 911
www.fundacionrobertorivas.org

Presenza dixital da Asociación

Páxina web

www.alumniusc.gal

Redes sociais



Alumni USC



@Alumni_USC1



@alumni_usc



Alumni USC España



Alumni USC



Alumni_USC

Blogs asociados

El Compostelano de Manuel Fraga Carou

Tal e como o facía aquel periódico nado na nosa cidade en 1920 do que herda o nome, *El Compostelano* pretende abordar os temas de actualidade, destacando sempre os asuntos locais en favor do rexurdimento e do progreso compostelán.

elcompostelano.com

Ateneo Fotográfico de José Manuel Ortigueira Bobillo

Nel podemos mergullarnos na biodiversidade e na cultura galega á vez que desfrutamos de fotografías increíbles da nosa terra. E non só sobre Galicia, tamén é un espazo onde aprendermos sobre temas actuais de tecnoloxía e ciencia ou achegármonos a outras culturas.

ateneofotografico.com

Paseando por Lugo de Emilio Valadé del Río

Recóllense neste blog os artigos de Valadé del Río publicados no diario lucense *El Progreso*, onde encontramos a mirada particular e poética do autor arredor da súa cidade, sempre protagonista das súas observacións.

paseandoporlugo.blogspot.com

**— Memoria
económica abreviada
ejercicio 2025**

1.

1. Bases de presentación das contas anuais

Imaxe fiel

Os criterios contables aplicados axústanse ás disposicións legais vixentes co fin de expresar a realidade económica das transaccións realizadas. Deste xeito, a contabilidade mostra a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

Principios contables aplicados

A contabilidade desenvolveuse aplicando todos os principios contables, establecidos polo Plan Xeral de Contabilidade; Devindicación, Uniformidade, Prudencia; empresa en funcionamento, principio de non compensación e de importancia relativa.

2. Bens de investimento e inmovilizado

Os investimentos realizados pola entidade son :

EXERCICIO DE INVESTIMENTO	CONTA	DESCRICIÓN	P. COMPRA	AMORTIZACIÓN	VALOR CONTABLE
2019	20600019	Páxina web	2.102,20	2.102,20	0,00
2020	20600020	Portal emprego 30%	1.427,80	1.427,80	0,00
2020	21700000	Equipo informático	842,92	90,39	0,00
2021	20600021	Portal emprego 70%	2.498,65	2.498,65	0,00
2024	20690024	Web xestión persoas asociadas	4.380,20	2.190,10	2.190,10

Estes investimentos foron financiados coa axuda económica achegada polo Consello Social da USC e pola Xunta de Galicia, no caso da web de xestión de persoas asociadas.

Estas axudas aplícanse a resultados do exercicio na mesma porcentaxe que se rexistra a amortización dos bens financiados.

Os movementos destes conceptos son os seguintes:

CONTA	DESCRICIÓN	SALDO INICIAL	APLICADO	SALDO ACTUAL
1300000	Subvención Consello Social	6.871,57	6.871,57	0,00
1300001	Subvención XG-Web persoas asociadas	5.000,00	2.500,00	2.500,00

3. Acredores e provedores

3.1. Acredores e provedores

O saldo de provedores-acredores a 31/12/2025 é de 450,10€ de facturas de decembro que teñen vencemento no mes seguinte.

3.2. Traballadores

A entidade durante este exercicio afrontou a substitución, por xubilación, da persoa que tiña en nómina para realizar os labores administrativos. Este feito produciuse no mes de setembro, mes no cal comeza outra persoa para as mesmas funcións. A primeira persoa ten todos os salarios cobrados ata a súa data de baixa. A persoa que comezou no mes de setembro, debido a un erro á hora de facerse a transferencia, nos meses de novembro e decembro, recibiu entre os 2 meses 143,24€ de máis, e así figura na contabilidade.

3.3. Administracións

A Axencia Tributaria e a Seguridade Social tamén están correctamente ingresadas durante o exercicio. A final de ano quedan pendentes de pagar coa primeira 4,87€ e coa segunda 416,81€ que están pagos nos seus correspondentes prazos do mes de xaneiro de 2025.

4. Debedoras-asociadas

Ao final do exercicio, a entidade ten pendente de ingresar por cotas pendentes de persoas asociadas a cantidade de 2.828,00€.

5. Tesourería

Existe unha única conta bancaria na entidade financeira Banco Santander, o saldo á 31/12/2024 é de 7.778,66€ e a 31/12/2025 é de 6.230,46€.

Existe unha depósito con diñeiro efectivo, para pagos de pequenos importes, cun saldo a 31/12/2025 de 26,33€.

6. Conta de resultados

Os gastos e os ingresos reflicten un saldo de 2.057,35€ de beneficios. Os conceptos duns e doutros son os seguintes:

DESCRICIÓN	GASTO	INGRESO
Primas de seguro	1.312,59	
Servizos bancarios	23,02	
Gastos de actividades varias	6.211,91	
Club de sendeirismo	2.606,22	
Gastos subvención Consello Social	14.946,28	
Salarios	17.313,35	
Seguridade Social	5.149,37	
Amortización do inmovilizado	1.407,93	
Cotas asociadas		23.703,00
Actividades varias		94,25
Club Sendeirismo		3.447,80
Vodas de ouro e prata		145,20
Subvención Consello Social		15.000,00
Subvención Xunta de Galicia		6.159,41
Subvención Premio Humanitas		1.000,00
Aplicación subvencións de investimentos		1.428,56
Retribución especie nómina		49,80
Ingresos excepcionais		0
Resultado do exercicio (superávit)		2.057,35€

En Santiago de Compostela, a 25 de febreiro de 2026

— Alumni USC

2.

Presentación dos proxectos de Alumni USC no pleno do Consello Social da USC



O venres 16 de maio, a presidenta de Alumni USC, Eva López Barrio, realizou unha presentación dos principais proxectos e actividades da Asociación ante os membros do pleno do Consello Social da USC.

Durante a súa intervención, expuxo as liñas de traballo en curso, así como as iniciativas máis destacadas dirixidas a fortalecer a rede de antigos alumnos, fomentar a colaboración entre egresados e universidade e impulsar novas oportunidades de participación dentro da comunidade universitaria.

Reunión de traballo no Campus de Lugo

O 8 de xullo tivo lugar unha reunión institucional no campus de Lugo, na que participaron a presidenta, Eva López; a vicepresidenta, Luisa Rivas; e o directivo José A. Pardiñas. O encontro celebrouse co vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo, Francisco Fraga, no seu despacho situado na zona universitaria lucense.

Durante a xuntanza abordáronse diferentes cuestións relacionadas co presente e o futuro do campus, facendo especial fincapé na necesidade de reforzar o seu desenvolvemento e aumentar a súa visibilidade dentro do conxunto da universidade. As persoas asistentes coincidiron na importancia de impulsar iniciativas que contribúan a dinamizar a actividade académica, social e institucional en Lugo.

Así mesmo, tratouse a proposta de crear unha delegación de Alumni USC na cidade, co obxectivo de fortalecer os vínculos entre a universidade e o seu antigo alumnado, favorecendo a colaboración, o intercambio de experiencias e a posta en marcha de novos proxectos que repercutan positivamente tanto na comunidade universitaria como no territorio.



01. De esquerda a dereita, Luisa Rivas, vicepresidenta de Alumni USC, José A. Pardiñas, directivo de Alumni USC, Eva López, presidenta de Alumni USC e Francisco Fraga, vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo

Recanto da Saudade

Vodas de ouro de Dereito (1970-1975)

O 12 de xullo de 2025 celebrouse o acto conmemorativo das vodas de ouro da promoción de Dereito. A xornada incluíu o descubrimento dunha placa no Recanto da Saudade, no que estivo presente Teresa Bouzada Gil, integrante da directiva de Alumni USC. O socio Evaristo del Río Castromil formou parte da comisión organizadora do evento, mentres que o expresidente de Alumni USC, Perfecto Yebra, actuou como representante do profesorado da promoción.



01. Foto das persoas asistentes á celebración das vodas de ouro da promoción 1970-1975 de Dereito

Vodas de prata de Veterinaria (1995-2000)

O 26 de setembro de 2025, a promoción de Veterinaria celebrou as súas vodas de prata cun encontro conmemorativo na Facultade de Lugo. O programa incluíu o descubrimento dunha placa no Recanto da Saudade e unha xuntanza nas instalacións da facultade. No acto participaron a presidenta, Eva López Barrio, membros do equipo decanal e representantes do Colexio de Veterinarios de Lugo.



01. Foto das persoas asistentes á celebración das vodas de prata da promoción 1995-2000 de Veterinaria

Reunión nos centros da USC do campus de Lugo



01



02



03

O 17 de setembro a presidenta, Eva López Barrio; a vicepresidenta, Luisa Rivas García; e o directivo José Antonio Pardiñas García visitaron os centros da USC do campus de Lugo, mantendo reunións cos directoras, decanas e decanos dos mesmos, para reforzar vínculos e establecer vías de colaboración. Tamén visitaron as novas instalacións de Alumni USC Lugo.

- 01. De esquerda a dereita, Eva López, presidenta de Alumni USC, Carmen Sarceda, decana da Facultade de Formación do Profesorado da USC no Campus de Lugo, José A. Pardiñas, directivo de Alumni USC, e Luisa Rivas, vicepresidenta de Alumni USC
- 02. De esquerda a dereita, Luisa Rivas, vicepresidenta de Alumni USC, Gonzalo Fernández decano da Facultade de Veterinaria, e Eva López, presidenta de Alumni USC
- 03. De esquerda a dereita, José A. Pardiñas, directivo de Alumni USC, Luisa Rivas, vicepresidenta de Alumni USC, e Rosa Romero, directora da EPSE do Campus Lugo

Inauguración da sede de Alumni USC no Campus Terra



01

Con gran satisfacción, o venres 5 de decembro tivemos a ledicia de inaugurar no campus de Lugo a sede de Alumni USC, un espazo que promete ser un punto de encontro fundamental para o antigo alumnado da Universidade, e de nomear ao noso vogal José Antonio Pardiñas como delegado da asociación no Campus Terra. Este fito é froito do esforzo dun gran número de persoas e, en particular, da directora da EPSE, Rosa Romero, que nos habilitou un espazo para a delegación. O novo centro, situado no corazón do campus, reflicte o crecemento e a evolución da institución, ao tempo que ofrece ás e aos antigos estudantes unha base dende a que continuar a súa vinculación coa Universidade.

Contamos coa participación da delegada do reitor para o Campus Terra, Elvira López Mosquera. A sesión, que se desenvolveu na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, contou tamén coas intervencións de Eva López Barrio, presidenta de Alumni USC; de Rosa Romero Franco, directora da EPSE; de Oscar M. Lorenzo e de Ramón Álvarez, en representación do Consello Social da USC; e de alumnos e alumnas. O profesor e alumni Carlos Herrero Latorre pronunciou o relatorio «Que é alumni, o seu futuro».



02



03



04

01. De esquerda a dereita: Rosa Romero Franco, directora da EPS, Elvira López Mosquera, delegada do reitor no Campus Terra e a presidenta de Alumni USC, Eva López Barrio
02. Foto de familia tras a inauguración da sede de Alumni USC no Campus de Lugo
03. De esquerda a dereita: Ramón Alonso, xerente de Cafés Candelas, Óscar Manuel, membro do Consello Social, José A. Pardiñas García, delegado de Alumni USC no Campus Terra de Lugo, e Carlos Herrero Latorre, exvicerreitor da USC e exvicepresidente de Alumni USC
04. Eva López Barrio, presidenta de Alumni USC e José A. Pardiñas García, delegado de Alumni USC no Campus Terra de Lugo

Festa Alumni Volta aos 80s-90s



01



02

- 01. Eva López, Luisa Rivas e Modesto López xunto a outras persoas asistentes
- 02. Un numeroso público reuniuse para asistir á festa organizada por Alumni USC

O 12 de decembro Alumni USC organizou unha gran festa para revivir a maxia das décadas dos 80 e 90, unha época dourada chea de ritmo, de enerxía e de nostalgia. As persoas asistentes puideron gozar dos grandes éxitos que marcaron xeracións, mesturados en directo por Christian B (Movimiento 80), quen fixo vibrar o público e o transportou no tempo a través da música e dos videoclip máis emblemáticos.

A recadación obtida coa venda de entradas destinouse a ASANOG (Asociación de Cáncer Infantil y Juvenil de Galicia).

**— Universidade
de Santiago
de Compostela**

3.

Acto de investidura de dous doutores *honoris causa* na USC




A Universidade de Santiago de Compostela celebrou o 28 de marzo a investidura como doutora e doutor *honoris causa* de María Teresa Soler Roch, catedrática de Dereito Financeiro e Tributario na Universidade de Alacante, e Duarte Nuno Vieira, catedrático de Medicina Legal da Universidade de Coímbra. O acto tivo lugar no Salón Nobre do Colexio de Fonseca e estivo presidido polo reitor Antonio López.

A cerimonia contou cunha ampla asistencia de público, autoridades e preto dun cento de docentes togados. Entre as persoas presentes estaban representantes doutras universidades e institucións académicas, así como membros da USC. Os padriños dos novos *honoris causa* foron os catedráticos César García Novoa e Ángel María Carracedo Álvarez.

No seu discurso, o reitor destacou a relevancia das traxectorias das persoas homenaxeadas nas súas áreas de coñecemento, subliñando o seu compromiso coa docencia, a investigación e o servizo á sociedade.

Acto do Día das Letras Galegas na USC



01



02

A vicepresidenta de Alumni USC, Luisa Rivas, acudiu o pasado 16 de maio, en representación do pleno do Consello Social da USC, ao pazo de Fonseca, escenario escollido para a celebración do acto conmemorativo do Día das Letras Galegas. O evento desenvolveuse nun ambiente solemne e participativo, e contou cun dos momentos centrais na conferencia impartida polo noso socio don Xesús Alonso Montero, titulada «Poesía e sociedade no cancioneiro popular galego». Na súa intervención, o relator afondou na importancia da poesía oral como expresión colectiva e como reflexo das vivencias, valores e identidade do pobo galego ao longo do tempo.

Ademais, durante a xornada tivo lugar a presentación do libro editado pola Universidade, *Canta ti, cantarei eu. A poesía rural oral*, unha obra que recolle e pon en valor este patrimonio inmaterial, contribuíndo á súa difusión e conservación para as xeracións futuras. O acto rematou cun recoñecemento ao labor das persoas e colectivos que traballan na preservación da cultura popular galega.

01. De esquerda a dereita, Francisco Cidrás, Antonio López, Xesús Alonso Montero e Ana Boullón. Nun segundo termo, Gumersindo Feijoo xunto ás cantareiras de Ferreñas Ceibes. Foto: Santi Alvite
02. Luis Rivas, vicepresidenta de Alumni USC, no acto que a USC celebrou có gaio do Día das Letras Galegas



01

Acto de Apertura do Curso Académico 2025-26 na USC

A presidenta Eva López Barrio e a vicepresidenta Luisa Rivas asistiron o xoves 4 de setembro ao Acto de Apertura do Curso Académico na USC no Salón de Actos de Fonseca.

Presidiu o acto o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela. Formaron parte da mesa inaugural o reitor, Antonio López Díaz; o e profesor de Historia Contemporánea Xosé Ramón Veiga Alonso, que foi o encargado de pronunciar a lección maxistral titulada «Muller e esfera pública no século XIX. Historia dunha conquista inacabada». Interviu tamén o presidente do Consello do Estudiantado da USC, Andrés Couso Viana.

01. Luisa Rivas, vicepresidenta de Alumni USC, Gumersindo Feijoo, vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación, e Eva López, presidenta de Alumni USC

Inauguración no claustro alto de Fonseca da mostra «As primeiras profesoras da Universidad Complutense de Madrid»



01

A mostra «As primeiras profesoras da Universidad Complutense de Madrid» inaugurouse o venres 17 de outubro nun acto que presidiu a vicerreitora de Estudantes e Cultura, Pilar Murias, no que tamén participaron a delegada do reitor da USC para a Igualdade, Sonia E. Rodríguez; a delegada do reitor da UCM para Igualdade, Isabel Tajahuerce; a presidenta de Alumni USC, Eva López; e a comisaria da exposición en Madrid, Violeta Izquierdo. No acto amosaron o desexo de que a USC, primeira universidade de fóra de Madrid á que chega a mostra, colla o relevo deste proxecto e se faga coa memoria das súas docentes.

01. De esquerda a dereita: Eva López, presidenta de Alumni USC, Sonia E. Rodríguez, delegada do reitor para a Igualdade da USC, Pilar Murias, vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC, Isabel Tajahuerce, delegada do reitor para a Igualdade da UCM, e Violeta Izquierdo, comisaria da exposición
02. María Curros, experta e guía da exposición, nun momento da visita xunto a Eva López
03. Montaxe expositiva da mostra «As primeiras profesoras da Universidad Complutense de Madrid»

O obxectivo desta exposición é darlles visibilidade ás primeiras profesoras que exerceron a docencia e a investigación nas distintas facultades da Universidade Complutense de Madrid (UCM). Forma parte do proxecto de investigación Académicas, destinado a recuperar a memoria das primeiras mulleres desa universidade e ten un carácter divulgativo e itinerante.

A mostra recolle relevantes nomes femininos da intelectualidade española dos séculos XX e XXI, contribuíndo a resaltar a todas as que exerceron como docentes e investigadoras na naquel momento chamada Universidade Central.

Tras o Real Decreto do 8 de marzo de 1910, que autorizaba as mulleres a acceder aos estudos superiores, estas estudantes tiveron que superar censuras, atrancos e menosprezos antes de poder licenciarse e mesmo para desenvolver a súa carreira, tanto académica como profesional.

Entre estas mulleres destácase a traxectoria de tres salientables e ben coñecidas galegas, dúas delas estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

A nosa Asociación foi esencial para que a USC acollera esta mostra en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura e a Área de Cultura da USC.

Visita guiada

O 25 de novembro tivemos a magnífica oportunidade de visitar a exposición «As primeiras profesoras da UCM» baixo a guía da experta e vogal de Alumni USC, María Curros. Esta mostra percorre as traxectorias pioneiras das mulleres que abriron camiño no ámbito docente, visibilizando o seu labor, o seu compromiso coa educación e o papel esencial que xogaron na transformación social.



02



03

— Alumni
España

4.

Eva López entra a formar parte da Xunta Directiva da Federación Alumni España

O 26 de febreiro de 2025, a Xunta Directiva da Federación Alumni España reuniuse para acordar o nomeamento de Eva López Barrio, presidenta de Alumni USC, como vogal e delegada da Federación na CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas).

Este recoñecemento supón un avance significativo tanto para Alumni USC como para o conxunto da comunidade universitaria galega, que ve reforzada a súa presenza nun órgano que integra a maioría das asociacións de alumni das universidades públicas e privadas de España.

A Federación Alumni España, da que hoxe forman parte 48 asociacións de antigas alumnas e antigos alumnos, traballa para fortalecer o papel das persoas egresadas no sistema universitario e fomentar espazos de colaboración entre institucións, sociedade e tecido produtivo. A incorporación da nosa presidenta á súa Xunta Directiva simboliza tamén a consolidación do traballo desenvolvido desde Alumni USC no ámbito estatal.





02

Un novo impulso para Alumni USC e para o movemento alumni estatal

O nomeamento de Eva López Barrio como vogal da Xunta Directiva da Federación Alumni España reforza o liderado e o compromiso de Alumni USC nun contexto estatal cada vez máis conectado, profesionalizado e orientado á innovación educativa e social.

A súa participación activa na CRUE achega voz, proximidade e capacidade de diálogo a un espazo no que se deciden estratexias de grande impacto para as universidades españolas e para todas as persoas que formaron parte delas. Para a nosa comunidade, este paso supón maior visibilidade, maior influencia e novas oportunidades de colaboración, tanto a nivel nacional como internacional.

- 01. Xunta Directiva da Federación Alumni España
- 02. Eva López Barrio no acto de nomeamento como vogal e delegada da Federación na CRUE

Reunión da Federación Alumni España coa CRUE



01

A nosa presidenta, Eva López, acudiu o luns 12 de maio como representante da Federación Alumni España (agora na súa condición de integrante da Xunta Directiva) á reunión coa CRUE (Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas) en Madrid. Acompañada polo presidente da Federación Alumni España, Antonio J. Redondo, reuniuse coa representante da CRUE, Gema Luna e o exreitor da Universitat Politècnica de València, Juan Juliá.

Na xuntanza tratáronse temas importantes para os *alumni* de España, como a Lei de Patrocinio e Mecenado, a colaboración cos consellos sociais das universidades españolas, a creación da Federación Alumni Portugal, as microcredenciais e a necesidade dun programa informático de xestión para as asociacións de alumni da Federación Alumni España, que engloba a 48 entidades de distintas universidades españolas.

01. Eva López, presidenta de Alumni USC, Antonio J. Redondo, presidente da Federación Alumni España, Gema Luna, representante da CRUE, e Juan Juliá, exreitor da Universitat Politècnica de València



01

III Xornada Alumno España sobre microcredenciales

A presidenta, Eva López, e a xestora técnica, Inés Toca, acudiron o 20 de maio ás III Xornadas de Formación Alumno España, celebradas na Facultade de Educación da UNED, en Madrid, baixo o lema «Microcredenciales: macrooportunidades».

O encontro reuniu representantes do ámbito universitario, institucional e empresarial co obxectivo de reforzar a colaboración entre a universidade, o tecido produtivo e as persoas tituladas.

A xornada comezou coa mesa inaugural, na que participaron o presidente de Alumno España, o vicerreitor de Formación Permanente da UNED e o director da Fundación para el Conocimiento madri+d. Todos eles destacaron a importancia da formación continua e das alianzas estratéxicas para mellorar a empregabilidade.

Posteriormente, celebrouse a sinatura de varios convenios de colaboración con diferentes entidades, co fin de consolidar proxectos conxuntos e impulsar o desenvolvemento profesional da comunidade Alumno.

Un dos momentos destacados foi a presentación da empresa QS, a cargo de Leonardo Andrade, así como a posta en marcha dunha liña de traballo centrada na innovación educativa.

Tamén se abordou a presenza do Ranking QS da empresa 1Mentor, coa que a Federación mantén un convenio de colaboración que ofrece vantaxes ás entidades asociadas.

A Federación Alumni España, galardoada en Alumni Universidade de Aveiro (Portugal)



01

A presidenta de Alumni USC e integrante da Xunta Directiva da Federación Alumni España, Eva López; e o presidente da Federación Alumni España, Antonio Redondo, acudiron o sábado 5 de xullo á Universidade de Aveiro, en Portugal, para recoller o premio da Federación Alumni Portuguesa.

01. Eva López, presidenta de Alumni USC, Pedro Oliveira, presidente de Alumni Aveiro, Antonio Redondo, presidente da Federación Alumni España

Actuou como anfitrión do evento Pedro Oliveira, presidente de Alumni Universidade de Aveiro, unha institución que festexaba o seu 35 aniversario de creación.



01

XXIX Encontro Alumni España na Fundación UNED de Madrid

O 20 e 21 de novembro, Madrid acolleu o XXIX Encontro de Asociacións de Antigos Alumnos e Amigos das Universidades Españolas, xunto coa súa Asemblea Xeral. Este evento celébrase cada ano por iniciativa de Alumni España, unha federación que reúne máis de 40 asociacións.

O encontro tivo unha dobre vertente: por unha banda, unha dimensión académica e institucional, e pola outra, un espazo de traballo e intercambio entre as propias asociacións alumni.

Xunto cos membros da rede alumni, participaron como convidados diferentes organismos do ámbito universitario, como a Coordinadora de Representantes de Universidades Públicas (CREUP), a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), a Secretaría Xeral de Universidades e a Conferencia de Consellos Sociais, moitos deles integrantes do Consello Asesor de Alumni España.

Ao remate do encontro, anunciouse que a seguinte edición, prevista para 2026, celebrarase en Santiago de Compostela, organizada por Alumni USC, coincidindo ademais co 30 aniversario tanto de Alumni España como de Alumni USC.



02

01. Asistentes ao XXIX Encontro Alumni España
02. De esquerda a dereita: Isabel Pintos Barral, xestora técnica de Alumni USC, Eva López Barrio, presidenta de Alumni USC, e Luisa Rivas García, vicepresidenta de Alumni USC

**— Relacións
institucionais**

5.



Reunión do padroado do Museo Casa da Troia

O xoves 22 de xaneiro celebrouse a Asemblea Xeral Ordinaria do padroado do Museo da Casa da Troia, que tivo lugar no Salón Reitoral nun ambiente de traballo e de revisión da actividade anual da institución.

Neste padroado están representadas varias entidades que colaboran na xestión e apoio do museo: o Concello de Santiago, a Universidade de Santiago de Compostela, a Asociación de Antigos Tunos e tamén Alumni USC. A súa presenza conxunta garante unha xestión compartida e unha coordinación constante entre as diferentes institucións implicadas na conservación e promoción deste espazo cultural.

En representación de Alumni USC asistiu a xestora técnica, Inés Toca, que participou na reunión por delegación da presidenta, Eva López, mantendo así a representación da entidade no órgano de goberno do museo.

Durante a sesión, o vicepresidente terceiro do Museo da Casa da Troia, Benigno Amor, presentou o informe de xestión correspondente ao ano 2024. Neste informe revisáronse as principais actividades desenvolvidas ao longo do ano, así como a evolución do funcionamento do museo e as liñas de traballo previstas para o futuro inmediato.

Reunión na Universidade de Minho para promover o Proxecto Tresemes



Na Universidade do Minho tivo lugar unha reunión clave centrada no impulso do Proxecto Tresemes, unha iniciativa que busca reforzar a colaboración entre universidades, alumni e o tecido socioeconómico a través da futura Agrupación Alumni-CGU

O xoves 30 de xaneiro de 2025 celebrouse unha reunión na Universidade do Minho na que participaron Teresa Carballeira, secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, xunto con Guilherme Augusto Borges Pereira, Carla Cristina Esteves Marins e Iris Carmo Silva Saraiva, así como a nosa presidenta Eva López.

O encontro desenvolveuse nun clima de traballo colaborativo e tivo como finalidade principal avanzar no Proxecto Tresemes, unha iniciativa impulsada conxuntamente por Alumni USC e o Grupo Compostela de Universidades. Este proxecto nace coa intención de reforzar a cooperación entre distintas institucións académicas e consolidar novas vías de colaboración entre o ámbito universitario e o tecido socioeconómico.

Durante a reunión analizouse o papel estratéxico da futura Agrupación Alumni-CGU, concibida como unha plataforma estable de conexión entre universidade, empresa e sociedade. Esta estrutura pretende facilitar a transferencia de coñecemento, fomentar a empregabilidade dos titulados e promover proxectos con impacto real no desenvolvemento das universidades socias.

Así mesmo, abordáronse posibles liñas de traballo conxuntas, a estrutura organizativa da plataforma e os seguintes pasos necesarios para a súa posta en marcha, destacando a importancia de fortalecer as redes de alumni como elemento clave para a proxección internacional das universidades participantes.

01. De esquerda a dereita, Eva López, presidenta de Alumni USC, Carla Cristina Esteves Marins, Guilherme Augusto Borges Pereira, Iris Carmo Silva Saraiva, e Teresa Carballeira, secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades

Presentación de Alumni USC na Casa de Galicia en Madrid



01. De esquerda a dereita: Luisa Rivas, vicepresidenta de Alumni USC, Eva López, presidenta de Alumni USC, Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia, Antonio López, reitor da USC, e Luis E. Ramos, director da Casa de Galicia

Alumni USC en Madrid: unha rede que medra, conecta e proxecta talento máis alá do Camiño, reuniu autoridades, académicos e egresados nun acto de orgullo e de comunidade

A Casa de Galicia en Madrid acolleu o 5 de marzo de 2025 a presentación de Alumni USC nun exitoso evento que reuniu autoridades galegas, membros da comunidade universitaria e destacados representantes da sociedade en consonancia cos prezado corpo social da asociación.

O acto arrancou ás 18:30 horas coa inauguración, a cargo de Luis E. Ramos, director da Casa de Galicia. A continuación, proxectouse un vídeo de promoción de Alumni USC, seguido das intervencións da nosa presidenta, Eva López; Antonio López, reitor da USC; e Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia. A continuación, tivo lugar unha mesa redonda baixo a participación dos exreitores da USC Juan J. Casares e Darío Villanueva, ademais de Covadonga Toca, exsecretaria xeral do Consello Social da USC e actual directora xeral do IGAPE. A sesión xirou arredor dos inicios de Alumni USC, nos que Casares, Villanueva e Toca foron pezas clave. Durante a conversa, destacouse a importancia da rede de antigo alumnado para fortalecer os vínculos entre a comunidade universitaria e o tecido empresarial e institucional.

Mediada a xornada, cara ás 20:00 horas, Eva López presentou a Isabel López-Rivadulla como embaixadora de Alumni USC en Madrid, subliñando o seu papel na conexión entre o alumnado titulado da USC residente na capital española.

O evento concluíu ás 20:30 horas coa celebración dun cóctel, propiciando un espazo de encontro e intercambio entre asistentes.

A presentación de Alumni USC en Madrid marcou un paso fundamental, reafirmando o compromiso coa comunidade universitaria e coa proxección da USC máis alá das súas fronteiras.



01

Visita institucional ao Centro Superior de Hostalaría

Alumni USC realizou o 18 de marzo unha visita institucional ao Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), co obxectivo de explorar posibles vías de colaboración entre ambas as entidades e reforzar os seus lazos no ámbito formativo e profesional.

A representación da asociación foi recibida por Nuria Sánchez, subdirectora e responsable de Formación Continua, e por Nuria Cid, socia e integrante do Departamento de Servizos, ademais de enóloga do propio CSHG. Durante o encontro, mantívose unha reunión de traballo na que se abordaron distintas propostas de cooperación, orientadas a potenciar sinerxías en materia de formación, desenvolvemento profesional e posibles actividades conxuntas no futuro.

01. Eva López, presidenta de Alumni USC; Inés Toca, xestora de Alumni USC; Luisa Rivas, secretaria de Alumni USC; Nuria Cid, socia e integrante do Departamento de Servizos; e Nuria Sánchez, subdirectora e responsable de Formación Continua, xunto con parte do alumnado do Centro Superior de Hostalaría de Galicia



01

Coñecendo o Centro de Investigación Mestrelab por dentro

O 27 de maio, unha representación de socias e socios de Alumni USC, xunto cun grupo de estudantes de IV Ciclo, visitou o Centro de Investigación Mestrelab (CIM) en Santiago.

Pablo A. Freire, director do CIM e de Relacións Institucionais,, acompañou ao grupo durante a visita. Por parte de Alumni USC, acudiron á cita Carme Casado e José A. Pardiñas.

Os asistentes á visita puideron desfrutar das explicacións de Pablo A. Freire e admirar o traballo que se realiza día a día no centro.



02



03

01. Alumnis xunto cun grupo de estudantes, na visita ao Centro de Investigación Mestrelab
02. Carme Casado, tesoureira de Alumni USC, nun momento da ponencia
03. Pablo Freire durante a visita guiada ás instalacións

Alumni USC estivo presente no encontro empresarial Santiago en Vivo



01

Os días 7 e 8 de xuño, Alumni USC estivo presente xunto coa USC no encontro empresarial Santiago en Vivo na Alameda de Santiago.

Este evento deu unha ampla visibilidade á asociación na sociedade compostelá. Polo stand pasaron persoas de diversos sectores da sociedade: exreitores como Senén Barro; vicerreitores do equipo de goberno actual da USC, como Gumersindo Feijoo; a directora xeral do Igape, Covadonga Toca; actores como Antonio Resines; o coordinador da área SEPIU da USC, Javier Agrafojo; a exdecana da facultade de Matemáticas, Elena Vázquez; o director da Real Academia Galega de Ciencias, Juan Lema; integrantes da directiva de Alumni USC, caso de Carme Casado e Modesto Gómez; e socias e socios de Alumni USC, así como persoas anónimas que quixeron facer unha foto.

01. De esquerda a dereita: Inés Toca, Elena Vázquez, Carme Casado, Eva López, Covadonga Toca, e Senén Barro





01

Xornada de *networking* no Servizo de Apoio á Empresa do Concello de Santiago

O 19 de xuño, Alumni USC participou no encontro de *networking* Niños de Empleo, organizado polo Servizo de Atención ao Emprendemento, integrado no departamento de Promoción Económica do Concello de Santiago. O evento celebrouse no edificio CERSIA.

Por parte de Alumni USC asistiu a presidenta, Eva López Barrio, acompañada por Loreto Fernández Fernández, José A. Pardiñas e Modesto Gómez Rodríguez, membros da directiva. Durante a sesión, a representación da asociación presentou o servizo de emprego Laboricia, unha ferramenta destinada a facilitar a inserción laboral do alumnado da USC dentro da súa comunidade universitaria.

En representación do Concello de Santiago estivo presente Carme Casado Casado.

01. De esquerda a dereita, Carme Casado, José A. Pardiñas, Loreto Fernández, Eva López, e Modesto Gómez



01

Alumni USC, presente nas reunións do Foro Cívico da Cámara de Comercio de Santiago

O día 1 de xullo reuniuse de maneira extraordinaria o Foro Cívico da Cámara de Comercio de Santiago co obxectivo de analizar e debater a proposta de descentralización da facultade de Medicina, un tema que despertou interese e preocupación entre os distintos sectores presentes.

Na reunión participaron diferentes membros da institución, destacando a presenza da presidenta, Eva López, acompañada por Carme Casado e Modesto Gómez en representación da directiva. A súa asistencia subliñou a importancia do encontro e o peso das decisións que se estaban a considerar.

Durante o debate, interviron os asistentes expoñendo diferentes puntos de vista sobre as posibles consecuencias desta medida. Tras unha análise conxunta das implicacións académicas, organizativas e de calidade formativa, chegouse á conclusión de que unha descentralización da facultade podería supoñer unha diminución do nivel de excelencia que actualmente caracteriza ao centro situado en Santiago de Compostela.

01. Asistentes ao Foro Cívico da Cámara de Comercio de Santiago, entre os asistentes Eva López, Carme Casado e Modesto Gómez, membros da Xunta Directiva de Alumni USC

Eva López, galardoada nos Premios Empresarias de Galicia



01

A nosa presidenta, Eva López Barrio, foi unha das cinco mulleres galardoadas o 14 de febreiro nos Premios Empresariais de Galicia, que se entregaron no Hotel Monumento San Francisco. O recoñecemento destaca o seu traballo en proxectos como Innovatia 8.3 e Woman Emprende, ambos centrados no impulso do emprendemento feminino.

A premiada dedicou esta distinción ás emprendedoras galegas e ás autónomas, reivindicando a importancia de apoiar o comercio de proximidade. Ademais, destacou a vital importancia deste recoñecemento, que contribúe a dar visibilidade á diversidade na ciencia e no ámbito empresarial, poñendo o foco no liderado feminino.

01. De esquerda a dereita: Modesto Gómez, Eva López, Luisa Rivas, e Antonio López, reitor da USC

**— Xornadas
Conferencias
Presentacións**

6.

Xornada Toca-Toca



01

O pasado xoves 30 de xaneiro, no Museo de Historia Natural da USC, tivo lugar a Xornada Toca-Toca, na que, acompañados polo biólogo Miguel Santamaría, tivemos a oportunidade de achegarnos a todo tipo de artrópodos tropicais. Dende ninfas da selva (o insecto-pau máis pesado do mundo) ata tarántulas e bolboretas do moucho. Sendo unha actividade aberta, os presentes puideron gozar do contacto directo con cada un destes animais, mentres compartían as experiencias e a sabedoría de Miguel Santamaría, que os acompañou e asesorou ao longo de todo o proceso. Toda a concorrencia, independentemente da idade, gozou desta experiencia, da que, sen dúbida, saíron cheos de novas aprendizaxes.

01. Na imaxe, Ariana Fernández Palomo, en nome da directiva de Alumni USC, xunto con Miguel Santamaría
02. Exemplar de insecto folla
03. Exemplar de escaravello



02



03



01

«Castelao: pluma, lapis e país»

O martes 4 de febreiro celebrouse no Salón de Actos da Facultade de Filosofía, na praza de Mazarelos, a conferencia «Castelao: pluma, lapis e país», na que se puxo en valor o seu papel fundamental como símbolo do galeguismo e da defensa da identidade nacional galega con motivo do ano Castelao 2025.

Durante o evento, guiado por Valentín García, secretario Xeral da Lingua, e Carmen Pomar, deputada no Parlamento Galego, analizouse a contribución de Castelao ao galeguismo e á súa definición como nación propia, especialmente a participación na redacción e promoción do Estatuto de Galicia durante a Segunda República. Tamén se destacou o seu labor como literato e caricaturista, empregando o humor gráfico como ferramenta de denuncia social e reivindicación ante a opresión e as inxustizas sufridas en Galicia por mor do centralismo estatal. O acto serviu para reflexionar e honrar a vixencia do seu pensamento e a necesidade de continuar avanzando na defensa dos dereitos e da cultura galega.

01. De esquerda a dereita, Carmen Pomar, deputada no Parlamento de Galicia, Eva López, presidenta de Alumni, e Valentín García, secretario Xeral da Lingua

«Intelixencia artificial: nin tan intelixente nin tan artificial»



01

O director científico do CiTIUS, Senén Barro Ameneiro, impartiu o 27 de febreiro unha conferencia divulgativa sobre intelixencia artificial (IA) na facultade de Filosofía da USC.

Baixo o título de «Intelixencia artificial: nin tan intelixente nin tan artificial», o obxectivo da charla era dar a coñecer a realidade tecnolóxica actual e desmontar algúns dos mitos máis habituais sobre a IA. Barro explicou que, aínda que a intelixencia artificial pode superar ás persoas en tarefas moi concretas, non se trata dunha intelixencia de propósito xeral nin autónoma no sentido humano. Destacou tamén que detrás destes sistemas existe un intenso traballo humano, tanto no seu deseño como no seu adestramento e supervisión. Ademais, subliñou que moitas tarefas cotiás seguen sendo complexas para as máquinas, o que evidencia as súas limitacións actuais. A súa intervención ofreceu así unha visión máis realista e equilibrada sobre o papel e o alcance da intelixencia artificial na sociedade actual.



02

- 01. Senén Barro e Eva López co público asistente
- 02. Eva López e Senén Barro nun momento da intervención

O Camiño de Santiago e a identidade galega, a debate na Universidade de Santiago



01

O 11 de marzo de 2025, Xesús Palmou Lorenzo, expresidente da Academia Xacobeas, impartiu unha conferencia na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. O acto foi presentado polo catedrático de filosofía Marcelino Agís Villaverde.

Baixo o título «A Academia Xacobeas no Camiño de Santiago», os intervenientes destacaron a importancia do Camiño de Santiago como fenómeno histórico, cultural e espiritual. Durante a súa exposición, puxeron o foco no seu papel ao longo dos séculos como eixo de comunicación, intercambio e encontro entre persoas e culturas europeas. Tamén salientaron a súa influencia na formación e consolidación da identidade galega, entendida tanto desde unha perspectiva histórica como simbólica.

Na conferencia explicouse igualmente o labor da Academia Xacobeas, unha institución centrada na investigación, promoción e difusión do patrimonio relacionado co Camiño de Santiago. O seu traballo inclúe o estudo do fenómeno xacobeas en diferentes ámbitos, así como a defensa e conservación do seu legado histórico, artístico e relixioso. Segundo se expuxo no acto, o obxectivo principal da entidade é contribuír a un mellor coñecemento e posta en valor desta ruta de peregrinación, considerada unha das máis relevantes de Europa.

01. De esquerda a dereita, Xesús Palmou, expresidente da Academia Xacobeas, Eva López, presidenta de Alumni, e Marcelino Agís, catedrático de Filosofía

Emilio Pérez Touriño analiza o «dilema europeo e a ruptura da orde mundial»



01

Alumni USC tivo a honra de contar o 22 de maio co expresidente da Xunta de Galicia e profesor da facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, don Emilio Pérez Touriño, quen pronunciou a conferencia titulada «O dilema europeo e a ruptura da orde mundial».

O directivo de Alumni USC Modesto Gómez fixo unha introdución ao acto, e a subdirectora da Área de Cultura da USC, Mercedes Rosón, presentou o conferenciante.

Á charla acudiu un numeroso público que se mostrou compracido polo repaso da historia da Unión Europea que fixo o profesor Touriño.

01. Asistentes á saída da conferencia impartida por Touriño, terceiro pola dereita
02. Mercedes Rosón, subdirectora da Área de Cultura da USC, Emilio Pérez Touriño, expresidente da Xunta, e Modesto Gómez, directivo de Alumni USC



02

José Carlos Bermejo presenta en Santiago su nuevo libro



01

A sala de Ámbito Cultural de El Corte Inglés acolleu o 12 de xuño a presentación do último libro do profesor José C. Bermejo Barrera, titulado *Reliquias, tesoros sagrados que forjaron el destino de Europa*. A obra esperta un notable interese ao abordar o papel histórico e simbólico das reliquias na construción cultural e política de Europa.

O acto estivo presidido pola presidenta de Alumni USC, Eva López Barrio, xunto co decano da Facultade de Xeografía e Historia, Antonio Míguez Macho. Ambos destacaron a traxectoria académica do autor e a relevancia do tema tratado. A intervención do profesor Bermejo Barrera resultou amena e moi ilustrativa, ofrecendo claves claras para entender a importancia destes obxectos no imaxinario europeo e no desenvolvemento histórico das sociedades.

01. De esquerda a dereita, Antonio Míguez, decano da Facultade de Xeografía e Historia, José C. Bermejo, catedrático e historiador, e Eva López, presidenta de Alumni USC

O compostelán Carlos Lema presenta en Madrid o seu novo libro sobre dereito publicitario


O presidente da Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA), o compostelán Carlos Lema Devesa, presentou o 1 de xullo en Madrid o seu novo libro, *Novos problemas xurídicos da publicidade*. A obra analiza os principais desafíos legais vinculados á actividade publicitaria actual e complementa a súa publicación anterior, *Problemas xurídicos da publicidade*.

Durante o acto, o autor expresou o seu desexo de que a Universidade de Santiago de Compostela recupere unha cátedra dedicada á propiedade industrial.

Lema Devesa, catedrático de Dereito Mercantil e doutor en Dereito pola USC, estivo acompañado na presentación —celebrada no Ilustre Colexio da Avogacía de Madrid— por destacadas personalidades do ámbito xurídico e institucional, entre elas o presidente do Senado, Pedro Rollán; o decano do Colexio, Eugenio Ribón; o catedrático José Antonio Gómez Segade; e o letrado e patrocinador da obra, Alfredo Méndez Rebollal e por Luisa Rivas, en representación de Alumni USC.

Na súa intervención, Ribón destacou a relevancia do diálogo entre o dereito e a publicidade, así como a complexidade dos retos xurídicos actuais no contexto social e económico actual.

O autor abordou algúns dos temas centrais do libro, como a publicidade enganosa, a testemuñal e comparativa, a dirixida a colectivos vulnerables, o impacto das novas tecnoloxías, a regulación dos contratos publicitarios e a protección dos dereitos das mulleres neste ámbito.



01. Carlos Lema xunto a Luisa Rivas, secretaria de Alumni USC

Charla-concerto de Francisco Castro sobre os Beatles



01

O 10 de setembro Alumni USC comezou as súas actividades do curso 2025-2026 cunha charla-concerto sobre os Beatles a cargo de Francisco Castro.

A presidenta Eva López Barrio presentou ao polifacético escritor, editor e músico, que fixo un relatorio sobre o percorrido profesional do grupo, acompañando o relato con diversas anécdotas. Castro interpretou as míticas cancións do grupo, animando aos asistentes a participar nas mesmas.


01. Francisco Castro nun momento da charla-concerto

Presentación do libro *Poemas desencadenados* de Áurea Sánchez

A escritora Áurea Sánchez presentou o 18 de decembro no Salón de Actos da Facultade de Filosofía, en Mazarelos (Santiago), o libro *Poemas desencadenados* (Aliar Ediciones). Foi un encontro íntimo e coidado arredor dun texto que aborda a ausencia do amor con claridade e con honestidade. Versos do cotián, con musicalidade, escritos dende a experiencia persoal, nos que o desamor, o recordo e o regreso se expresan con emoción e verdade.

Na presentación participaron Rosalía Morlán, poeta, e Nazaret López, xornalista e escritora, acompañando á autora nun diálogo próximo e reflexivo. Haruna Takebe (piano) e Cibrán García (violín) encargáronse do acompañamento musical. O son dialogou coa palabra, creando un ambiente sereno e intenso.

Durante a súa intervención, Áurea Sánchez falou da poesía como refuxio e como acto de entrega aos demais. A poeta definiu o libro como un combate e unha verdade que cómpre buscar, destacando a forza da palabra e da poesía como espazo de liberdade, no que dar voz ao que doutro xeito quedaría en silencio. A lectura de poemas como «Instante», de ton existencialista, puxo de manifesto esa intención.



— Club
de Sendeirismo

7.

Roteiro da Área Recreativa Nossa Senhora da Cabeça ata Vila Nova da Cerveira



01



02

O pasado sábado, 1 de febreiro de 2025, o Club de Sendeirismo realizou unha ruta de 15 km que fora reprogramada desde a súa data inicial, o 25 de xaneiro, por mor das malas condicións meteorolóxicas. O trazado comezou pola Ecopista, percorrendo un treito que vai desde a Area Recreativa Nossa Senhora da Cabeça, en Valença do Minho, ata Vila Nova de Cerveira, en Portugal, tendo como compañeiro principal o río Miño, que flúe ao longo do camiño durante case toda a súa extensión.

Aos 8 km, realizouse unha parada intermedia de autobús no campo de fútbol da Associação Deportiva de Campos en Portugal.



03

Co remate da etapa, os participantes dirixíronse ao restaurante Novo Arroio en Tomiño, onde desfrutaron dun delicioso xantar. Ás 17:00 h, os participantes realizaron unha visita guiada ao Museo Catedralicio Diocesano de Tui, con entrada de balde. Unha vez rematada a visita, sobre as 18:30 h, o grupo iniciou o regreso a Santiago.

01. Participantes no roteiro Roteiro da Area Recreativa Nossa Senhora da Cabeça ata Vila Nova da Cerveira
02. Visita ao Museo Catedralicio Diocesano de Tui
03. Fotografía de grupo no Parque e Santuario de Nossa Senhora da Cabeça - Valença

Roteiro desde Valença do Minho ata Monção



01



02

O Club de Sendeirismo organizou o sábado 22 de febreiro de 2025 unha nova andaina. Neste caso, percorreuse un tramo da Ecopista desde Valença do Minho ata Monção, en Portugal. Esta ruta, que cubriu unha lonxitude aproximada de 16 km, permitiu aos participantes desfrutar dunha paisaxe espectacular ao carón do río Miño.

A xornada iniciouse en Santiago de Compostela, dende onde partiu o autobús ata o punto de comezo da ruta. Aos 10 km do percorrido, realizouse unha parada intermedia de autobús no pobo de Lapela, ofrecendo un pequeno descanso aos participantes.


Unha vez completada a etapa, o grupo dirixiuse en autobús ata o restaurante Lagoa Verde, en Monção, onde gozou dun delicioso xantar programado para as 14:30 h. O menú incluíu dous pratos principais a escoller: bacallau ou carne de tenreira á grella.

Tras a comida, ás 17:30 h, realizouse unha visita guiada ao palacio da Brejoeira, tamén en Monção. Unha vez rematada a visita, sobre as 18:30 h, o grupo iniciou o regreso a Santiago, poñendo fin a unha xornada que combinou sendeirismo, gastronomía e cultura nunha contorna privilexiada.

- 01. Foto do grupo no Palacio da Brejoeira, en Monção
- 02. Visitas ás bodegas do Palacio da Brejoeira



01




02

Inicio do Camiño de Taverneiro

O 29 de marzo, o Club de Sendeirismo deu comezo a unha nova aventura coa realización do Camiño de Taverneiro, iniciando o percorrido coa etapa que une Salvaterra do Miño e Ponteareas. Tratouse dunha xornada moi especial, non só polo valor paisaxístico da ruta, senón tamén polo seu interese histórico e cultural.

O seu nome procede dun peregrino natural de Ponte Caldelas, coñecido como «o Taverneiro», que no ano 1874 emprendeu esta ruta e faleceu en A Estrada tras completar a súa viaxe, deixando así unha pegada que co tempo deu identidade a este itinerario.

A etapa realizada tivo unha distancia total de 16 quilómetros, cun trazado variado que combinou tramos de gran beleza natural con zonas de interese patrimonial. Ao longo do percorrido, os participantes puideron gozar dunha parada intermedia na área recreativa da praia fluvial de Abelán, situada aproximadamente no quilómetro 8.



03

01. Foto do grupo na Fortaleza de Salvaterra de Miño
02. Sendeiristas nun momento da xornada
03. Mapa do Camiño de Taverneiro © Asociación de Amigos do Camiño Taverneiro

O Club de Sendeirismo de Alumni USC avanza no Camiño de Taverneiro

O Club de Sendeirismo de Alumni USC continuou o sábado 26 de abril co seu proxecto de cubrir o trazado do Camiño de Taverneiro, unha iniciativa que busca recuperar e poñer en valor este itinerario histórico. O percorrido desta xornada partiu de Ponteareas e avanzou ata o polideportivo de Borbén, pasando entre o lugar do Mosteiro e o de Cuartos de Borbén, no concello de Pazos de Borbén.

Esta etapa do Camiño de Ignacio Taverneiro tivo unha lonxitude aproximada de 15 quilómetros, xa que se decidiu recortar os últimos catro para adaptar o traxecto ao tempo dispoñible e ás condicións da ruta.

Tras o xantar, o grupo realizou unha visita a Mondariz Balneario, onde puideron coñecer mellor a contorna e o seu patrimonio. A actividade contou coa colaboración do catedrático da USC e camiñante Xoán Carmona, que acompañou ao grupo e achegou explicacións ao longo da xornada.



01

- 01. Visita ao Balneario de Mondariz
- 02. O Club de Sendeirismo de Alumni USC percorre o Camiño de Taverneiro entre Ponteareas e Borbén



02



Camiño de Taverneiro e casas indianas en Ponte Caldelas

O grupo do Club de Sendeirismo continuou o seu percorrido polo Camiño de Taverneiro o sábado 31 de maio, nunha nova xornada de sendeirismo marcada pola paisaxe e o esforzo. Nesta ocasión, o itinerario discorreu entre Pazos de Borbén e o encoro de Eiras, nas proximidades de Ponte Caldelas. Foi unha etapa esixente, con tramos de certa dificultade, pero ao mesmo tempo moi fermosa pola súa contorna natural.

Tras o xantar, o grupo contou coa compañía do arqueólogo Alberte Reboveda, quen guiou unha visita polas casas indianas de Ponte Caldelas. Durante o percorrido, puideron coñecer mellor este patrimonio arquitectónico ligado á emigración galega ao Brasil, unha verdadeira lección viva de historia.



02




03

- 01. Foto de grupo no encoro de Eiras
- 02. Alberte Reboveda durante a visita guiada a Ponte Caldelas
- 03. Foto de grupo diante dunha das numerosas casa indianas da vila

O Club de Sendeirismo retoma a actividade cunha andaina pola contorna santiaguesa



01



02

O grupo de sendeiristas da nosa asociación iniciou o sábado 29 de novembro as súas habituais andainas da tempada, que nesta ocasión tiveron lugar pola contorna de Santiago de Compostela. Foi unha xornada marcada polo interese cultural e pola convivencia entre os participantes, que gozaron dun percorrido moi agradable a pesar das condicións meteorolóxicas.

Durante a saída, o grupo tivo a oportunidade de visitar o castelo da Rocha Forte, un lugar de grande valor histórico e patrimonial. A visita contou coa compañía de Carlos Delgado, presidente da Asociación A Rocha Forte, quen ofreceu explicacións detalladas sobre a historia do enclave, a súa importancia estratéxica na Idade Media e o traballo de recuperación que se está a levar a cabo na actualidade.

A andaina desenvolveuse nun ambiente moi animado e participativo, cunha notable asistencia de sendeiristas que mostraron moito interese tanto polo percorrido como polas explicacións recibidas.

01. A pesar da presenza constante da choiva, que acompañou o grupo ao longo de toda a actividade, o ánimo mantívose alto e a experiencia foi moi positiva para todos os asistentes.
02. Vista do castelo da Rocha Forte

O Pico Sacro: un clásico compostelán




01

O grupo sendeirista rematou o ano cunha interesante andaina que partiu de Lestedo cara ao Pico Sacro. Comenzou no centro de interpretación do mítico monte, cunha subida e visita guiada ao cumio, para logo baixar polo Santiaguíño e polo Camiño de Santiago. Foron uns 11 quilómetros percorridos en total, deles 5,5 km. de subida, cunha visita a igrexa de san Lourenzo da Granxa; e outros tantos de baixada, parando na fonte e a capela do Santiaguíño.

Xa se están preparando novas andainas para comenzar o ano con forza, camiñar en conxunto cara a un novo ano cheo de desafíos e descubrir novas rutas. A diversidade de paisaxes que Galicia ofrece, dende os altos de montaña ata as praias máis recollidas, fai que o sendeirismo sexa unha actividade accesible para todas as idades, ideal non só para gozar do exercicio físico, senón tamén para coleccionar de momentos de compañeirismo e de amizade.

01. Foto dun nutrido grupo de participantes na ruta ao Pico Sacro



alumniusc.gal